SAÍDA POLA CIDADE 2ºC

O xoves 15 de Maio fomos dar un paseo por Santiago. Demos clase na rúa! Levabamos un mapa e cada parella tiña que sinalar por onde iamos. Para elo, cada vez que paralamos, un facía de mesa e o outro apuntaba.

A primeira parada foi na praza do Toural. Logo seguimos atá a praza de Mazarelos e en grupos achegámonos a ver o Arco de Mazarelos que é a única porta que queda da antiga muralla de Santiago. Por esta porta entraba o viño na cidade.

Diante da facultade de Xeografía e Historia quitamos unha foto e xa chegamos á Praza de Abastos.

Fomos recorrendo as diferentes naves: a do peixe, as da carne, a da froita... e aquí, como tiñamos fame, a nosa profe mercoulnos cereixas.

Xa tocaba voltar ao cole. Pasamos pola plaza de Cervantes, a rúa do Preguntoiro e, ao chegar á Alameda, fomos ver ós patos, ós cisnes e ó pavo real.

OBRADOIRO DE ARTE

"A arte é un modo de expresión en todas as súas actividades esenciais, o arte intenta dicirnos algo: algo acerca do universo, do home, do artista mesmo. O arte é un xeito de coñecemento tan precioso para o home como o mundo da filosofía ou da ciencia. Desde logo, só cando recoñecemos claramente que o arte é unha forma de coñecemento paralela a outra, pero distinta delas, por medio das cales o home chega a comprender o seu ambiente, só entonces podemos empezar a apreciar a súa importancia na historia da humanidade." Herbert Read. Arte y sociedad

Por que é importante realizar actividades artísticas e cales son as vantaxes de realizalas? Entre outras razóns porque incrementan a percepción do entorno e xeran no alumnado flexibilidade de pensamento para poder interpretar o que lle rodea, pois a través das diferentes manifestacións artísticas é capaz de desenvolver a imaxinación, sensibilidade, expresión, creatividade, percepción, o sentido do ritmo e do espazo, a memoria táctil, visual e auditiva…

O debuxo, a pintura, a escultura ou a construción constitúen un proceso complexo no que as nenas e nenos reúnen diversos elementos da súa experiencia para formar un todo cun novo significado. No proceso de interpretar, seleccionar, crear,… aportan máis que un debuxo ou unha escultura; proporcionan unha parte de si mesmos: como pensan, como senten e como ven.

Un dos propósitos da escola é contribuír á formación integral do alumnado mediante o logro de competencias estético expresivas; desenvolvendo a imaxinación creadora, con fundamentos éticos e actitude estética para aprender a comunicar e apreciar desde as linguaxes artísticas.

Neste marco é onde xorden propostas como o obradoiro dirixido por Salvador Torres, pintor malagueño afincado en Lalín, nun contexto de interacción entre alumnado de educación primaria e alumnado de educación infantil. Guiados e acompañados por Salvador cada parella mixta de niveis tan distantes comezou a elaboración da súa proposta artística simulando a técnica empregada polo artista nas obras que conformaron a súa derradeira exposición e onde o material de refugallo, fundamentalmente cartón, convidaron a explorar, experimentar, transformar, conversar, argumentar, propoñer, negociar, crear, expresar, comunicar, ...en definitiva, desenvolver un proceso cognitivo que potencia capacidades, actitudes, hábitos, comportamentos, habilidades e destrezas que permiten a formación integral de cada nena e neno.

Grazas Salva por compartir con nós a túa creatividade!

Algúns enderezos de interese relacionados coa arte e a educación artística:
http://www.arteymercado.com/menudoarte/index.html
https://www.museodelprado.es/
http://www.educathyssen.org
http://www.vedoque.com/juegos/sol-lewitt.swf
http://kids.albrightknox.org/index_launched.html